



ASOCIACIÓN PASENIÑO



**Asociación de familias de nenos e nenas con
necesidades especiais da costa da morte**



QUEN SOMOS



A **Asociación Paseniño** nace no **ano 2020** da loita diaria das familias de nenas e nenos con necesidades especiais da Costa da Morte. Crece coa unión, as ganas e o desexo dun mundo mellor para todos aqueles que o precisen. Busca a xustiza, a inclusión e a defensa da poboación máis vulnerable.



OS NÓSOS FINS

- **DEFENDER** os dereitos e mellorar a calidade de vida das persoas con necesidades especiais dende os primeiros anos de vida.
- **FACILITAR** a integración das persoas con necesidades especiais e a súa capacitación para un pleno desenvolvemento.
- **INFORMAR** e colaborar coas familias creando unha rede de apoio.
- **PROMOVER** o recoñecemento da diversidade funcional e os dereitos fundamentais das persoas.
- **CONCIENCIAR** as Administracións Públicas para acadar melloras en educación, sanidade e integración.
- **PROCURAR** a autonomía e libre determinación de cada persoa en contextos de diversidade cultural.

QUE FACEMOS



DEFENSA E REIVINDICACIÓN DE DEREITOS

Escoitando as demandas e reclamacións das familias e por medio de queixas, escritos, reunións... poñémonos en contacto coas persoas responsables para que os nenos e nenas con necesidades teñan garantidos os seus dereitos



ASESORAMENTO E REDE DE APOIO A FAMILIAS

Ó longo do ciclo vital as familias vanse atopando con distintas dificultades e necesidades (tanto a nivel xestións como emocionais). Dende Paseniño procuramos dar resposta, asesorar e apoiar compartindo experiencias e recursos.

ACTIVIDADES INCLUSIVAS

Queremos que os nosos nenos e nenas participen na sociedade de xeito inclusivo. Para iso ó longo destes anos realizamos talleres en Nadal, campamentos inclusivos, cine...



FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Ó longo destes anos puxemos en marcha e participamos en xornadas de formación, charlas, cursos... para poder dar a coñecer o noso colectivo.



ACTIVIDADES TERAPÉUTICAS

Os nosos nenos e nenas precisan dunha atención terapéutica que favoreza o máximo desenrolo das súas habilidades e capacidades. A Asociación colabora no pago destas terapias para aquelas familias que o precisan.

COMO NOS FINANCIAMOS?



Para levar a cabo as distintas actividades, Paseniño conta coas seguintes fontes de ingresos:



COTAS DE SOCIOS

Calquera persoa pode facerse socia da nosa entidade e colaborar co traballo que estamos facendo.



VENDA DE PRODUTOS

A venda de produtos é unha das nosas fontes principais de ingresos.



SUBVENCIONS

Solicitamos subvencións públicas para poder acadar os nosos obxectivos e complementar así os fondos propios, que non son suficientes para abarcar todas as necesidades do noso colectivo.



APORTACIONES PRIVADAS, DONATIVOS

As persoas que o desexan poden facer aportacións privadas e donativos de distinto tipo (material ou económico).




COLABORACIONES CON EMPRESAS

Se tes unha empresa e queres axudarnos a acadar os nosos fins, ponte en contacto con nós e veremos formas de colaborar. As empresas colaboradoras contarán con un distintivo que poden expoñer na súa tenda, e tamén faremos referencia á mesma nas redes e web da entidade.

A ONDE QUEREMOS CHEGAR

Queremos chegar alí **onde os nosos nenos e nenas nos leven**, dando resposta a todas as súas necesidades:

- Seguir traballando na defensa dos seus dereitos, asesorando ás súas familias, formando e sensibilizando e realizando actividades inclusivas e terapéuticas.
- Aumentar o número de socios e socias
- Aumentar o número de nenos e nenas con necesidades que fan uso das actividades terapéuticas e inclusivas.
- Crear unha forte rede de apoio onde as familias poidan asesorarse e apoiarse entre si.
- Facilitar a participación dos e das menores nas actividades do entorno.
- Posta en marcha de actividades de ocio, deporte e participación social inclusivas.
- Formación a familias.
- ...



QUE NOS LIMITA?

O que realmente nos limita non son as limitacións dos nosos fillos e fillas, senón a falta de concienciación, apoio e sobretudo a falta de recursos tanto económicos como de persoal e materiais.

PRECISAMOS COLABORACIÓN PARA AS TERAPIAS DE REHABILITACIÓN

¿En qué consiste este proxecto?

QUÉ?



APOIO económico nas terapias de rehabilitación: logopedia, terapia ocupacional, psicología infantil e psicología familiar

PARA QUEN?



Nenos e nenas con necesidades especiais da Costa da Morte e as súas familias

CANTO TEMPO?



Unha terapia ó mes durante 12 meses

POR QUE?



O número reducido de centros públicos especializados na contorna obrigan ás familias a acceder a **terapias privadas**, o que supón un custe económico que non todas as familias poden asumir. Limitando así de forma significativa o óptimo desenvolvemento destes nenos e nenas



COLABORAS?

Precisamos APOIO ECONÓMICO para poder levar a cabo este proxecto e así poder dar resposta ás necesidades detectadas.



Dep Coruña:
4.632,96 €



Paseniño:
3.048 €



Precisamos
7.559,04 €

CUSTE TOTAL DO PROXECTO **15.240 €**

CÓMO COLABORAR?

SE ERES UNHA PERSOA FÍSICA



- **Mercando** os nosos produtos
- Facéndote **socio ou socia** de Paseniño
- Facendo **aportacións e donativos**
- Colaborando como **VOLUNTARIO/A**
- Dando a **coñecer a entidade** a outras persoas



SE ERES UNHA ENTIDADE PÚBLICA



- Apoiando os **nosos proxectos** con axudas, subvencións...
- Aportando **recursos** para os nosos proxectos (infraestructuras, persoal,...)
- **Difundindo** os nosos proxectos

SE ERES UNHA EMPRESA OU ENTIDADE PRIVADA



- Facéndote **EMPRESA COLABORADORA**, tanto con aportacións económicas como materiais, infraestructuras...)
- **Mercando** os nosos produtos



ANÍMASTE A SER PARTE DESTE ILUSIONANTE PROXECTO?

www.pasenino.com



Rúa Piñeiro, 2, baixo . Cee, A Coruña.



asociacion.pasenino@gmail.com



604 04 75 82



Paseniño



ASOCIACIÓN PASENIÑO



**Asociación de familias de nenos e nenas con
necesidades especiais da costa da morte**

